



NOTIFICACIÓN

Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de contrato de subministro de "GASOLEO A".

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 19 de xuño de 2014, acordou aprobar a contratación para o subministro de Gasoleo A para abastecer os vehículos e máquinas do Parque de Maquinaria deste concello, autorizándose gasto ata un importe máximo de 73.077,38€, impostos incluídos.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 17 de xullo 2014, rematado o prazo de presentación de propostas, se presenta á licitación unha única empresa:

R.E. nº 6499 de 01/08/2014.- Cepsa Comercial Noroeste, S.L., con enderezo en avda. Reyes Leoneses, 14- 5ª planta, edificio Europa, cp 24008 León,

Con data 7 de agosto de 2014 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre A, documentación administrativa.

Comprobados os documentos aportados pola única empresa presentada á licitación a Mesa de Contratación acorda admitila.

Aos efectos de continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto público, para o vindeiro, **martes, día 12 de agosto, ás 09,00 horas** para apertura do sobre nº 2.- Criterios cuantificables de forma automática -Proposta económica, en cumprimento da cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se comunica aos efectos oportunos.

Tui, 8 de agosto de 2014.
A SECRETARIA ACCTAL.

Asdo. Mª Jesús Blanco Martínez.

TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO



DONA IRENE SUAREZ LOPEZ, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,

CERTIFICA: Que o Sr. Alcalde-Presidente, con esta data, ditou a resolución do seguinte teor literal:

"Resolución de Alcaldía.- Convocatoria da mesa de contratación de contrato "Servizo de docencia para a contratación de accións formativas de formación ocupacional".

A Xunta de Goberno Local do Concello de Tui en sesión celebrada o 18 de xuño de 2014, acordou aprobar a contratación para realización das seguintes accións formativas, cun orzamento total de 23.472,58€, declarándose urxente e mediante procedemento aberto:

- MAMR0108 Montaxe de mobles e elementos de carpintería, incluído o módulo de prácticas profesionais non laborais e os seus módulos transversais, cun total de 538 horas e correspondendo a cantidade de 21.848,18€ á referida acción formativa:

-FCOO03 Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero.

-FCOXXX05 Formación para a igualdade.

-FCOXXX04 Básico de prevención de riscos laborais.

- MAMS0108 Instalación de elementos de carpintería, incluído o módulo de prácticas profesionais non laborais e os seus módulos transversais, cun total de 578 horas e correspondendo a cantidade de 23.472,58€ á referida acción formativa :

-FCOO03 Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero.

-FCOXXX05 Formación para a igualdade.

-FCOXXX04 Básico e prevención de riscos laborais.

Publicado anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e Perfil do Contratante con data 25 de xuño 2014, remata o prazo de presentación de propostas o día 3 de xullo 2014.

Rematada a presentación de propostas, preséntase á licitación as seguintes empresas:



- 1.- R.E. nº 5676 de 02/07/2014.- Norformación, S.L., con enderezo en avda. Domingo Bueno, nº 48, baixo, 36400 O Porriño.
- 2.- R.E. nº 5677 de 02/07/2014.- Formagal, Formación y Servicios, S.L., con enderezo en Monteporreiro-Pontevedra.
- 3.- R.E. nº 5678 de 02/07/2014.- Academia Postal 3, S.L., con enderezo en rúa López Mora, nº 10-baixo, 36211 Vigo.
- 4.- R.E. nº 5679 de 02/07/2014.- G12 Grupo Empresarial de Servicios, S.L., con enderezo en rúa Torrecedeira, nº 97-baixo, 36202 Vigo.
- 5.- R.E. nº 5730 de 03/07/2014.- Fundación para a orientación profesional, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, emprego e a formación en Galiza (forGA), con enderezo en Avda. Aeroporto, nº 92, 1º andar, 36206 Vigo.
- 6.- R.E. nº 5731 de 03/07/2014.- Centro de Formación ICA, S.L., con enderezo en rúa Portela, nº 12 interior - Calvario, 36205 Vigo.
- 7.- R.E. nº 5.732 de 03/07/2014.- Fundación Laboral de la Construcción, con enderezo en camiño da Raposeira, nº 24, 36214 Vigo.
- 8.- R.E. nº 5733 de 03/07/2014.- Recursos Galicia, S.L., con enderezo en Polígono de Boisaca, 15890 Santiago de Compostela.

Con data 8 de xullo de 2014 constitúese a Mesa de contratación para a apertura do sobre A, documentación administrativa.

Comprobados os documentos aportados polas empresas presentadas á licitación a Mesa de Contratación acorda admitir a tódalas empresas presentadas.

Aos efectos de continuar co procedemento legalmente establecido e de conformidade co prego de cláusulas administrativas, esta Alcaldía-Presidentencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Convocar á Mesa de Contratación, en acto público, para o vindeiro, **xoves, día 10 de xullo, ás 12,30 horas** para apertura do sobre nº 2 - Proposta económica, en cumprimento da cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación.

SEGUNDO.- Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía dos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

E para que así conste, emito a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde en Tui, a oito de xullo de 2014.-

Vºpr.
O ALCALDE-PRESIDENTE



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570

TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO DE TUI.



EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui

Telef: 986 603 625 – Fax: 986 600 570
